XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
*"O FSE inviste no teu futuro"*

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE

Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio

CMPS003

# Ciencias sociais

Parte sociolingüística. Ciencias sociais

# 1. Formato da proba

### Formato

- A proba consta de vinte cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas, das que soamente unha é correcta.

### Puntuación

- Puntuación: 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,125 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.
- No caso de marcar máis dunha resposta por pregunta considerarase como unha resposta en branco.

### Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de: 40 minutos.

### Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

# 2. Exercicio

## 1. A columnata de Bernini debe considerarse unha obra de estilo:



*La columnata de Bernini debe considerarse una obra de estilo:*

**A** Neoclásico.
**B** Barroco.
**C** Rococó.

## 2. Que data se considera como o final do Imperio Romano de Occidente?

*¿Qué fecha se considera como el final del Imperio Romano de Occidente?*

**A** 476 d.C
**B** 711 d. C.
**C** 1453 d. C.

## 3. Sinale a resposta correcta de entre as definicións propostas.

*Señale la respuesta correcta de entre las definiciones propuestas.*

**A** O crecemento vexetativo ou natural da poboación é a diferenza entre o número de nacidos e o número de falecidos nun lugar durante un ano, descontada a emigración.
*El crecimiento vegetativo o natural de la población es la diferencia entre el número de nacidos y el número de fallecidos en un lugar durante un año, descontada a emigración.*

**B** O crecemento vexetativo ou natural da poboación é a diferenza entre o número de nacidos e o número de falecidos nun lugar durante un ano.
*El crecimiento vegetativo o natural de la población es la diferencia entre el número de nacidos y el número de fallecidos en un lugar durante un año.*

**C** O crecemento real da poboación é a diferenza entre o número de nacidos e o número de falecidos nun lugar durante un ano.
*El crecimiento real de la población es la diferencia entre el número de nacidos y el número de fallecidos en un lugar durante un año*

## 4. Identifique a localización dos seguintes concellos costeiros galegos.




*Identifique la localización de los siguientes municipios costeros gallegos.*

**A** 1: Baiona; 2: Muxía; 3: Viveiro; 4: Muros.
**B** 1: Fisterra; 2: Ribadeo; 3: A Garda; 4: Baio.
**C** 1: Muros; 2: Viveiro; 3: Baiona; 4: Muxía.

## 5. Convencionalmente, sitúase a Idade Moderna entre dúas datas: 1453 e 1789. A que feitos históricos corresponden?

*Convencionalmente, se sitúa la Edad Moderna entre dos fechas: 1453 y 1789. ¿A qué hechos históricos corresponden?*

**A** 1453: caída de Constantinopla en poder dos turcos otománs. 1789: inicio da Revolución Francesa.

*1453: caída de Constantinopla en poder de los turcos otomanos. 1789: inicio de la Revolución Francesa.*

**B** 1453: chegada de navegantes portugueses á China e ao Xapón. 1789: inicio da Revolución Francesa.

*1453: llegada de navegantes portugueses a China y a Japón. 1789: inicio de la Revolución Francesa.*

**C** 1453: caída de Constantinopla en poder dos persas. 1789: fin da Revolución Francesa.

*1453: caída de Constantinopla en poder de los persas. 1789: fin de la Revolución Francesa.*

## 6. Unha conurbación é:

*Una conurbación es:*

**A** A zona que arrodea unha cidade e que depende dos seus servizos e postos de traballo.

*La zona que rodea una ciudad, y que depende de sus servicios y puestos de trabajo.*

**B** Vínculo que se establece entre a cidade máis importante dunha rexión e o resto de localidades que dependen dela.

*Vínculo que se establece entre la ciudad mas importante de una región y el resto de las localidades que dependen de ella.*

**C** Cando varias áreas metropolitanas chegan a unirse.

*Cuando varias áreas metropolitanas llegan a unirse.*

## 7. Identifique, de oeste a leste, os países americanos que atravesa a liña.

*Identifique, de oeste a este, los países americanos que atraviesa la línea.*

**A** EEUU, México, Ecuador, Perú, Bolivia, Paraguai, Arxentina, Brasil.

*EEUU, México, Ecuador, Perú, Bolivia, Paraguay, Argentina, Brasil.*

**B** Alaska, EEUU, México, Colombia, Perú, Bolivia, Paraguai, Uruguai, Brasil.

*Alaska, EEUU, México, Colombia, Perú, Bolivia, Paraguay, Uruguay, Brasil.*

**C** Canadá, EEUU, México, Colombia, Perú, Bolivia, Paraguai, Uruguai, Arxentina.

*Canadá, EEUU, México, Colombia, Perú, Bolivia, Paraguay, Uruguay, Argentina.*



## 8. No mapa de Europa proposto indique os nomes correctos dos ríos identificados polos seus correspondentes números.

*En el mapa de Europa propuesto indique los nombres correctos de los ríos identificados por sus correspondientes números.*




**A** 1: Rin, 2: Rodano, 3: Tigris, 4: Volga, 5: Danuvio.

**B** 1: Rin, 2: Tiber, 3: Dnieper, 4: Don, 5: Danuvio.

**C** 1: Elba, 2: Loira, 3: Vístula, 4: Don, 5: Danuvio.

## 9. Cal é a función asignada á Comisión Europea no seo da UE?

*¿Cuál es la función asignada a la Comisión Europea en el seno de la UE?*

**A** Constitúe o Parlamento da Unión Europea.
*Constituye el Parlamento de la Unión Europea.*

**B** Actúa como gabinete de goberno, desenvolvendo o poder executivo na UE
*Actúa como gabinete de gobierno, desarrollando el poder ejecutivo en la UE.*

**C** Ocúpase de supervisar a acción dos xuíces.
*Se ocupa de supervisar la acción de los jueces.*

## 10. O artigo 62 a) da Constitución Española sinala que lle corresponde ao Rei sancionar e promulgar as leis. En función disto, sinale a interpretación correcta.

*El artículo 62 a) de la Constitución Española señala que corresponde al Rey sancionar y promulgar las leyes. En función de esto, señale la interpretación correcta.*

**A** O Rei limítase a asinar as leis procedentes do Parlamento español.
*El Rey se limita a firmar las leyes procedentes del Parlamento español.*

**B** O Rei sinala ao parlamento que leis deben elaborarse.
*El Rey señala al parlamento qué leyes deben elaborarse,*

**C** O Rei, xunto ao Consello de Ministros, elabora as leis orgánicas.
*El Rey, junto al Consejo de Ministros, elabora las leyes orgánicas.*

**11.** Pola súa particular distribución de precipitacións e a presenza de veráns cálidos e de invernos fríos, o climograma proposto representa un clima de tipo...

*Por su particular distribución de precipitaciones y la presencia de veranos cálidos y de inviernos fríos, el climograma propuesto representa un clima de tipo...*




**A** Monzónico.

**B** Chino.
*Chinés.*

**C** Continental.

**12.** Cal dos seguintes organismos internacionais se relaciona coa alimentación e agricultura?

*¿Cuál de los siguientes organismos internacionales se relaciona con la alimentación y agricultura?*

**A** UNESCO.

**B** FAO.

**C** OIT.

**13.** O fenómeno da Transición política en España define o paso da ditadura do xeneral Franco a un Estado democrático e constitucional. Entre que anos tivo lugar este proceso?

*El fenómeno de la Transición política en España define el paso de la dictadura del general Franco a un Estado democrático y constitucional. ¿Entre qué años tuvo lugar este proceso?*

**A** 1975-1978

**B** 1936-1978

**C** 1978-1981

**14.** O mapa do risco de desertización en España amosa que máis de 2/3 do territorio están expostas a este problema. Indique a resposta que mellor reflicta as causas do fenómeno.

*El mapa de riesgo de desertización en España muestra que más de 2/3 del territorio están expuestas a este problema. Indique la respuesta que mejor refleje las causas del fenómeno.*




**A** A principal causa é o mantemento da gandería extensiva no país.
*La principal causa es el mantenimiento de la ganadería extensiva en el país.*

**B** A principal causa e o éxodo rural.
*La principal causa es el éxodo rural.*

**C** A principal causa é a excesiva presión da actividade humana sobre áreas climáticas moi fráxiles e deficitarias no seu réxime de precipitacións.
*La principal causa es la excesiva presión de la actividad humana sobre áreas climáticas muy frágiles y deficitarias en su régimen de precipitaciones.*

**15.** O desenvolvemento tecnolóxico da primeira Revolución Industrial referiuse nomeadamente a determinado tipo de industrias. Sinale a resposta correcta.

*El desarrollo tecnológico de la primera Revolución Industrial se refirió esencialmente a determinado tipo de industrias. Señale la respuesta correcta,*

**A** Motor de explosión, industria química, aparellos eléctricos.
*Motor de explosión, industria química, aparatos eléctricos.*

**B** Industria metalúrxica e téxtil.
*Industria metalúrgica y textil.*

**C** Microelectrónica, informática, biotecnoloxia.
*Microelectrónica, informática, biotecnología.*

**16.** A comparación entre estas dúas pirámides da poboación española correspondentes aos anos 1960 e 2001 amosa unha mudanza moi profunda na demografía do país. Sinale a resposta que, na súa opinión, mellor reflicte o devandito fenómeno.







*La comparación entre estas dos pirámides de población española correspondientes a 1960 y a 2001 muestra un cambio muy profundo en la demografía del país, Señale la respuesta que, en su opinión, mejor refleje dicho fenómeno.*

**A** Na evolución histórica, apréciase como se produciu unha profunda caída da natalidade á vez que medraba a esperanza de vida de homes e mulleres, dando como consecuencia unha poboación marcadamente avellentada.
*En la evolución histórica, se aprecia cómo se produjo una profunda caída de la natalidad a la vez que crecía la esperanza de vida de hombres y mujeres, dando como consecuencia una población marcadamente envejecida.*

**B** Na evolución histórica, apréciase como se produciu un profundo aumento da natalidade á vez que medraba a esperanza de vida de homes e mulleres, dando como consecuencia unha poboación en crecemento continuo.
*En la evolución histórica, se aprecia cómo se produjo un profundo aumento de la natalidad a la vez que crecía la esperanza de vida de hombres y mujeres, dando como consecuencia una población en crecimiento continuo.*

**C** Na evolución histórica, apréciase como se produciu un profundo aumento da natalidade á vez que se mantiña a esperanza de vida de homes e mulleres, dando como consecuencia unha poboación moi estable.
*En la evolución histórica, se aprecia cómo se produjo un profundo aumento de la natalidad a la vez que se mantenía la esperanza de vida de hombres y mujeres, dando como consecuencia una población muy estable.*

## 17. Cal é a secuencia cronolóxica correcta dos períodos da historia de España propostos?

*¿Cuál es la secuencia cronológica correcta de los períodos la historia de España propuestos?*

**A** Reinado de Filipe V – Reinado de Carlos III – Reinado de Fernando VII.
*Reinado de Felipe V – Reinado de Carlos III – Reinado de Fernando VII.*

**B** Reinado de Carlos III – Reinado de Fernando VII – Reinado de Filipe V.
*Reinado de Carlos III – Reinado de Fernando VII – Reinado de Felipe V.*

**C** Reinado de Fernando VII – Reinado de Carlos III – Reinado de Filipe V.
*Reinado de Fernando VII – Reinado de Carlos III – Reinado de Felipe V.*

## 18. Sinale cal é, entre os propostos, un estilo pictórico pertencente ao período Barroco.

*Señale cual es, entre los propuestos, un estilo pictórico perteneciente al período Barroco.*

**A** Historicismo.
**B** Tenebrismo.
**C** Simbolismo.

## 19. Cal das frases propostas NON pode considerarse unha causa da II Guerra Mundial.

*¿Cuál de las frases propuestas NO puede considerarse una causa de la II Guerra Mundial?*

**A** O malestar que o Tratado de Versalles causou en Alemaña.
*El malestar que el Tratado de Versalles causó en Alemania.*

**B** O expansionismo alemán e o fracaso da política de pacificación de Neville Chamberlain.
*El expansionismo alemán y el fracaso de la política de apaciguamiento de Neville Chamberlain.*

**C** O inevitable enfrontamento dos imperios coloniais.
*El inevitable enfrentamiento de los imperios coloniales.*

## 20. Dos tres tipos de hábitats propostos, sinale cál se asemella máis ao modo de ocupación clásica do terreo no agro galego.

*De los tres tipos de hábitats propuestos, señale cual se asemeja mas al modo de ocupación clásica del terreno en el agro gallego.*

**A** Concentrado
**B** Disperso.
**C** Intercalar.



# 3. Solución para as preguntas tipo test

| Nº | A | B | C | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | | X | | |
| 2 | X | | | |
| 3 | | X | | |
| 4 | | | X | |
| 5 | X | | | |
| 6 | | | X | |
| 7 | X | | | |
| 8 | | | X | |
| 9 | | X | | |
| 10 | X | | | |
| 11 | | | X | |
| 12 | | X | | |
| 13 | X | | | |
| 14 | | | X | |
| 15 | | X | | |
| 16 | X | | | |
| 17 | X | | | |
| 18 | | X | | |
| 19 | | | X | |
| 20 | | X | | |
| Nº de respostas correctas (C) | | | | |
| Nº de respostas incorrectas (Z) | | | | |
| Puntuación do test = C x 0'5 – Z x 0'125 | | | | |

**Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0’125 puntos. As respostas en branco non descontarán puntuación.**